

REBECCA

Alfred Hitchcock, 1940

1146

ESTREA EN NUMAX: 01.08.2023 | V.O.S.E. | +14 | 130 min

Ao pouco tempo de perder a súa muller Rebecca, aristócrata inglés Maxim De Winter coñece en Montecarlo a unha moza humilde, dama de compañía dunha señora americana. De Winter e a moza casan e van vivir a Inglaterra, á mansión de Manderley, residencia habitual de Maxim. A nova señora De Winter dáse de conta moi pronto de que todo alí está impregnado do recordo de Rebecca.

«Un filme totalmente brillante,
cheo de suspense, fermoso e
xenerosamente interpretado »

Frank S. Nugent, NEW YORK TIMES



Entrevista Alfred Hitchcock: «A heroína de Rebecca é a Cincenta»

Por François Truffaut

Vostede chegou a Hollywood pensando que ía rodar un filme sobre o Titanic e no seu lugar filmou *Rebecca* (1940)? Como se produciu o troco? David O'Selznick confesoume que mudara de opinión e que mercara os dereitos de *Rebecca* e díxenlle: Está ben, cambiemos de proxecto.

Non estaba intimidado ao ser o seu primeiro filme americano? Non podo dicir iso porque é un filme completamente británico; a historia é inglesa, os actores tamén e o director o mesmo. E isto suxíreme unha pregunta interesante, como sería *Rebecca* se fose rodada en Inglaterra co mesmo reparto? Non o sei. Forzosamente existe unha grande influencia americana, en primeiro lugar a través de Selznick e do autor de teatro que escribiu o guión desde un punto de vista menos estreito do que teríamos feito en Inglaterra.

Sobre a dama de chaves, a señora Danvers, tamén é unha novidade a nivel plástico, co seu rostro inmóbil. Si, de feito isto é algo que fixen sistematicamente en *Rebecca*, a señora Danvers non anda apenas, nunca se move. Por exemplo, se entraba no cuarto no que estaba a heroína, a moza ouvía un ruído e a señora se contraba de pé alí, sempre, sen se mover. Era unha maneira de mostralo desde o punto de vista da heroína: non sabía xamais onde estaba a señora Danvers e así resultaba máis aterradora.

O filme ten unha dimensión de conto de fadas que volveremos encontrar no seu cinema. A importancia de posuír as chaves da casa, o armario que ninguén ten dereito a abrir, a estancia na que ninguén entra xamais... Si, cando faciamos *Rebecca* eramos conscientes destas cousas. É certo que os contos infantís son polo xeral terroríficos. Por exemplo, o conto de Grimm no que dous nenos empurran a anciá no forno. Pero nunca se me ocorreu pensar que os meus filmes tivesen semellanzas cos contos de fadas.

Penso que é válido para moitos dos seus filmes porque vostede opera no campo do medo e todo o que se relaciona co medo nos leva polo xeral á infancia. É verosímil, recorde, ademais, que a casa de *Rebecca* non ten ningunha situación xeográfica precisa, estaba illada por completo e todo iso encóntrase de novo n'*Os paxaros* (1963). É instintivo pola miña parte, debo situar esta casa illada para me asegurar que nela o medo non terá recursos. En *Rebecca*, a casa encóntrase afastada de todo e nin sequera sabemos cal é a cidade máis próxima. Tamén podemos considerar que esa abstracción é o que vostede chama a estilización americana. Imaxinemos que tiveramos rodado *Rebecca* en Inglaterra. A casa non estaría tan illada, teríamos a tentación de presentar os arredores e os carreiros que levan á casa. As escenas de chegada terían sido máis reais e teríamos unha sensación de situación xeográfica exacta, pero non teríamos o illamento.

O uso de maquetas para a casa e os accesos idealiza plasticamente o filme, evoca certos gravados e reforza o aspecto de conto de fadas. No fondo, a historia é moi similar á da Cincenta. A heroína é a Cincenta e a señora Danvers é unha das súas malvadas irmás.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Extraños en un tren,
Patricia Highsmith.
Anagrama, 2015

La ventana indiscreta,
Alfred Hitchcock.
Universal Pictures [DVD]

El cine según Hitchcock,
François Truffaut.
Alianza Editorial, 2010